- a) Contar coa conformidade do centro de destino.
- b) Contar co informe favorable do Ministerio de Educación

PRAZO

O prazo para cumprir e presentar a solicitude será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da Orde no «Boletín Oficial do Estado».

INFORMACIÓN

BOE do 25 de maio de 2010

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico>

Profesor de Contabilidade

27/05/2010

F Y Q ASOCIADOS, C.B. empresa do sector de Educación e Formación necesita por horas un profesor de Contabilidade e Nóminas.

Localidade para Lugo.

se require:

1. estudos de licenciado ou enxeñeiro superior. Prpreferible en Dirección e Admón. de Empresas.
2. experiencia mínima de máis de seis meses.

Horario continuado e xornada de mañá.

pilar@sistemaslugo.com

982226855

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

Profesores para a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

27/05/2010

A Consellería de Educación comunica a apertura do prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia nas especialidades de caracterización e indumentaria, dramaturxia, espazo escénico e técnicas escénicas.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 7 de xuño de 2010.

Máis información no DOG do 27 de maio de 2010, en www.edu.xunta.es e en www.esadgalicia.com

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/autonomica>

Psicólogo en Madrid

27/05/2010

Eulen Sociosanitarios precisa un psicólogo para traballar nas zonas de Carabanchel e Villaverde (Madrid)

Requisitos:

1. Licenciatura en psicoloxía
2. Experiencia 1, 2 anos en temas de igualdade

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

Psicólogo en Madrid

27/05/2010

Eulen sociosanitarios precisa un psicólogo para traballar na zona de Carabanchel e Villaverde (Madrid)

Requisitos:

1. Licenciatura en psicoloxía
2. Experiencia de 1-2 anos en temas de igualdade

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

Socio Asesoría Laboral Fiscal Contable

27/05/2010

ASESORIA NOVAGAL 2005 S.L necesita socio encargado do área laboral. Se valora título de xestor admtvo. Localidade da xestoría Culleredo (A Coruña).

se require:

- estudos de Diplomado ou enxeñeiro técnico. Especialidade de Relación Laborais.

- experiencia mínima de dous anos.

Salario de 300 a 1200 euros.

- xornada laboral completa e horario partido.

oscar2511@mun-do-r.com

669079108

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

Tecnico en educación infantil en Guadalajara

27/05/2010

O servizo nacional de emprego oferta un posto de Técnico en educación infantil para Yebes (Guadalajara)

Nivel Profesional:

Técnico

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

Convocada 1 praza temporal para Bachiller Superior no UDC.

28/05/2010

A Universidade da Coruña, convoca 1 praza temporal (4 meses), no E.T.S. de enxeñerios de Camiños, Canales e Portos.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 8 de xuño de 2010.

Máis información : www.udc.es

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/universidade>

Convocada unha praza temporal de Doutora en Química da UDC.

28/05/2010

A praza temporal (7 meses), e para o Estudio da implementación da directiva marco da auga ó medio mariño en Galicia.

No Centro da Facultade de Ciencias.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 4 de xuño de 2010.

Máis información www.udc.es

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/universidade>

Convocadas 2 prazas temporais de Doutora en Licenciada en Química na UDC

28/05/2010

A Universidade da Coruña, convoca 2 prazas temporais (8 e 6 meses) no Instituto Universitario de Medio Ambiente.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 4 de xuño de 2010.

Máis información www.udc.es

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/universidade>

Convocadas prazas de operario de limpeza.

28/05/2010

O Concello de Aranjuez, convoca 8 prazas de operario de limpeza, polo sistema de concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 25 de maio de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

Convocadas prazas de persoal laboral

28/05/2010

O Concello de Bailén (Jaén), convoca 1 praza de coordinador, 1 de oficial de jardinería, 4 de limpador, e 2 de peón de xardinería.

O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.
Máis información BOE do 25 de maio de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

Convocadas prazas de persoal laboral

28/05/2010

O Concello de Almendralejo (Badajoz), convoca 1 prazas de garda rural, 1 de oficial de jardines, 2 de matarife e 2 de Axudante de polideportivo.

Polo procedemento de oposición.
O prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.
Máis información BOE do 25 de maio de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

Convocadas prazas no Corpo de Inspectores de Educación

28/05/2010

A Comunidade Autónoma de Canarias, convoca 7 prazas do corpo de inspectores de educación.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 7 de xuño de 2010.
Máis información BOE do 25 de maio de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/autonomica>

Coordinador de campamento de veran en Moralarzal (Madrid)

28/05/2010

Ancaya Naturaleza y Vida S.L. selecciona un coordinador para un campamento urbano de verán en Moralarzal.

Requírese:

1. Título de coordinador de ocio e tempo libre
2. Vehículo propio

Os interesados deberán enviar o cv a empleo@acaya.es. Para participar no proceso de selección precísase introducir o cv na bolsa de emprego www.acaya.es

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

Fileteadores/as de Peixe

28/05/2010

EUROFIRMS ETT SL empresa de servizos do sector de selección de persoal, necesita seleccionar dous/dúas fileteadores/as de peixe para Cambre (A Coruña).

requisitos:

1. experiencia en fileteado de peixe con coitelo, residencia en Cambre e dispoñibilidade de vehículo propio.
2. xornada completa e horario nocturno.
3. contrato por obra ou servizo.

coruna@eurofirms.es

981265490

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/empregoprivado>

Lista de agarda para a banda de música municipal do Concello de Santiago

28/05/2010

O Concello de Santiago de Compostela anuncia a convocatoria pública, co obxecto de elaboración dunha lista de agarda (complementaria das existentes por resultar insuficiente) para a banda municipal de música para contratación temporal/nomeamentos (de músicos nas especialidades, obos, clarinete sib-mb, trompa, trombón, bombardino e percusión).

requisitos:

1. titulación universitaria de primeiro ciclo.
2. con carácter previo, realízase unha proba práctica consistente na interpretación das obras indicadas ns bases desta convocatoria, con acompañamento de piano, que haberá que superar para pasar a fase de concurso.

O prazo de presentación de solicitudes será de 8 días naturais contados a partires do seguinte ó da publicación deste anuncio nun periódico de carácter local.

Máis información: rúa Salvador Allende, nº 1 Santiago de Compostela.

La Voz de Galicia do venres 28 de maio de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

Operario de servizos varios en Vilar de Barrio

28/05/2010

O Concello de Vilar de Barrio convoca un concurso de méritos para a provisión interina dunha praza vacante de operario de servizos varios.

Requisitos: estar en posesión do permiso de condución tipo B.

O prazo para presentar solicitudes estará abaerto ata o 4 de xuño de 2010.

Máis información no BOP de Ourense do 28 de maio de 2010 e na Omix de Vilar de Barrio, teléfono 988 449 001

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

Xuíz de Paz en Oimbra

28/05/2010

O Concello de Oimbra convoca a praza de Xuíz de Paz

Requisitos: Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas para o desenvolvemento das funcións xudiciais, contempladas nos artigos 303 e 389 da Lei orgánica do poder xudicial
O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 15 de xuño de 2010.

Máis información no BOP de Ourense do 28 de maio de 2010 e na Omix de Oimbra, teléfono 988 426 160

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/emprego/empregopublico/local>

Formación de expertos turísticos no estranxeiro.

25/05/2010

A Consellería de Cultura e Turismo convoca 7 bolsas para a formación de expertos turísticos en mercados emisores mediante a realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo no estranxeiro durante os anos 2010 e 2011, nas seguintes cidades: Londres, Roma, París, Francfort, Zurich, Nova York e Lisboa.

As prácticas desenvolveranse entre o día 15 de xullo e 15 de agosto de 2010 mediante un período de formación en Galicia e entre o 1 de setembro de 2010 e o 31 de xullo de 2011 mediante a incorporación do bolseiro ás consellerías de turismo nas cidades citadas, cunha duración máxima de once meses.

Requisitos dos solicitantes:

- Nacionalidade: española ou dun país membro da Unión Europea.
- Titulación: licenciado ou diplomado en turismo ou grao ou postgrao en turismo segundo o Plan Boloña. Esa titulación debe estar finalizada nos 3 anos inmediatamente anteriores ao momento de remate do prazo de presentación das solicitudes desta convocatoria.
- Idiomas: dominio oral e escrito da lingua do país de destino.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 26 de maio de 2010.

Máis información no DOG do 25 de maio de 2010 e en <http://culturaeturismo.xunta.es>

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

Bolsas de formación postgrao Fulbright nos Estados Unidos

27/05/2010

O misnisterio de Industria , Turismo e Comercio convóoca, en réxime de concorrencia competitiva e en colaboración coa Comisión, un máximo de tres bolsas anuais dentro do Programa de Bolsas Subsecretaría/Fulbright para a realización de estudos de postgrao nos Estados Unidos de América nos cursos 2010/2011 e 2011/2012.

PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes esténdese dende o día seguinte ao de publicación da convocatoria no «Boletín Oficial do Estado» ata o 15 de xullo de 2010.

INFORMACIÓN

A publicación de cantas actuacións afecten a esta convocatoria, entre outras, os formularios de solicitude e a información necesaria para a súa cumprimentación, a composición efectiva do Comité de Selección, os seus acordos convocando os candidatos á realización das probas de cada fase, así como os resultados, farase a través da web do Ministerio. Ademais da web do Ministerio, a información sobre esta convocatoria estará dispoñible en:

Subdirección Xeral de Recursos Humanos.

Servizo de Información, Selección e Rexistro.

Paseo da Castelá, 160, 4.ª planta, despacho 30.

Teléfonos: 913 495 185 ó 913 497 596.

Correo Electrónico: seleccion.informacion@mityc.es

Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os EUA

Paseo Xeral Martínez Campos, 24 bis, 28010 Madrid.

Teléfonos: 91 702 70 00 ó 91 319 11 26.

Fax: 91 702 21 85.

Correo Electrónico: adviser@comision-fulbright.org

Internet: <http://www.fulbright.es>

BOE do 25 de maio de 2010

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

Unha bolsa de Licenciado Universitario en CC.Químicas

27/05/2010

Estas bases regulan o procedemento que se ha de seguir para a concesión, dunha bolsa, que ten como finalidade desenrolar temas de investigación e apoio no laboratorio da Finca Mouriscade da Deputación de Pontevedra.

Poderá ser beneficiario/a desta bolsa aquelas persoas físicas que:

1. Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun dos países membros da Unión Europea.
2. Estar en posesión do título de : Licenciado/a en Ciencias Químicas, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias.
3. Non ter cumpridos os 35 anos de idade na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.
4. Non estar incapacitado físicamente ou padecer enfermidade que poida impedir o desenrolo da actividade obxecto da bolsa.

Esta bolsa figura cunha dotación económica de 1.200 €/mes.

As instancias solicitando tomar parte no concurso dirixiranse ao Sr. Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra e presentaranse no rexistro xeral da Corporación Provincial no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Máis información Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), núm. 99, do xoves 27 de maio de 2010. www.depontevedra.es

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

«Premios IRENE: A paz empeza na casa» ano 2010

28/05/2010

O Ministerio de Educación convoca en réxime de concorrencia competitiva, os «Premios IRENE: A paz empeza na casa» para o ano 2010 dirixidos a colaborar, dende o sistema educativo, coa erradicación da violencia e a promoción da igualdade real entre mulleres e homes.

Premiaranse experiencias educativas, materiais curriculares e de apoio, así como investigacións educativas que contribúan a previr e erradicar as condutas violentas e a promover a igualdade e a cultura da paz, co obxectivo de desenvolver estratexias de convivencia igualitaria entre mulleres e homes. Os traballos deberán terse realizado durante os dous anos anteriores a esta convocatoria e ter repercusión na teoría e/ou práctica educativa

REQUISITOS

1. Profesorado e profesionais da educación que exerzan a súa actividade en centros de ensino españois, públicos ou privados, que estivesen en activo durante a realización do traballo que se presenta a concurso e que non estean incursos en ningunha das circunstancias reguladas no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións. Así mesmo, tamén poderán participar

profesionais da educación externos ao centro de ensino, cando a experiencia responda a unha necesidade deste e sexa asumida polo profesorado.

2. Alumnado escolarizado en centros de ensino españois, públicos ou privados, no momento de realización do traballo que se presenta a concurso. Neste caso, poderanse presentar un máximo de tres traballos seleccionados por cada centro que virán avalados polo equipo directivo como idóneos para a súa participación neste concurso.

A presentación do traballo farase mediante un profesor ou profesora do centro que terá exercido as funcións de coordinación deste, o cal se acreditará por parte do equipo directivo.

3. Non poderá participar o persoal que tivese durante os tres anos inmediatamente anteriores a esta convocatoria calquera tipo de relación laboral co Instituto de Formación do Profesorado, Investigación e Innovación Educativa (IFIIE). Os que gozasen dunha bolsa no IFIIE non poderán optar aos premios durante o ano seguinte á finalización da súa bolsa.

PRAZO

O prazo finalizará o 20 de setembro de 2010.

INFORMACIÓN

BOE do 27 de maio de 2010

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino>

Campus científicos de verán con alumnos de ensino secundario e bacharelato

28/05/2010

O Ministerio de Educación convoca 300 axudas en réxime de concorrencia competitiva para participar no ano 2010 no Programa «Campus Científicos de Verán con alumnos de ensino secundario e bacharelato».

Os Campus desenvolveranse do 4 ao 31 de xullo de 2010 en institutos e/ou departamentos de investigación adscritos aos Campus de Excelencia Internacional (CEI) ou Rexional (CER) en dúas quendas de 14 días de duración cada un (1.º de Bacharelato do 4 ao 17 de xullo; 4.º de ESO do 18 ao 31 de xullo) nas seguintes sedes:

Andalucía: Universidade de Córdoba.

Asturias: Universidade de Oviedo.

Cantabria: Universidade de Cantabria.

A axuda cobre a totalidade dos gastos de matrícula no curso, materiais, actividades, aloxamento, asistencia de monitores e manutención dos alumnos que contarán, así mesmo, cun seguro que cubra as contingencias de accidente e responsabilidade civil durante o desenvolvemento dos Campus. Corresponde ao Ministerio de Educación o aboamento do cincuenta por cento dos gastos, co que a contía individual da axuda financiada polo Ministerio será de ata 500 euros, sendo de conta da FECYT o aboamento do cincuenta por cento restante, de acordo co establecido no convenio de colaboración suscrito.

O traslado dos alumnos dende os seus lugares de orixe ata os Campus, así como dende este ata os seus domicilios será de conta dos alumnos, sen que proceda o aboamento de axuda alguna por este concepto.

Galicia: Universidade de Santiago de Compostela.

Cataluña: Universidade de Barcelona e Universidade Autónoma-Universidade Politécnica.

Madrid: Universidade Autónoma, Universidade Complutense, Universidade Politécnica e Universidade Carlos III.

REQUISITOS

Poderán participar nos Campus alumnos/ás que no curso 2009/2010 estean a cursar 4.º curso de Educación Secundaria Obrigatoria ou primeiro curso de Bacharelato da área científica en centros docentes españois e que teñan unha nota media mínima no curso escolar 2008-2009 de 7,5.

SOLLICITUDES

A proposta dos alumnos participantes será efectuada por profesores de centros escolares españois dos devanditos niveis educativos que poderán presentar ata tres candidatos cada un. Os citados profesores serán os encargados de difundir o Programa entre os alumnos.

Antes do día 3 de xuño os profesores encargados de efectuar as propostas farán chegar a relación de candidatos propostos coa súa puntuación á dirección electrónica www.campuscientificos.es.

INFORMACION

BOE do 27 de maio de 2010.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/bolsaseaxudas>

A USC convoca cursos de verán a celebrar en distintas localidades.

DIPLOMA DE ASISTENCIA E CRÉDITOS

Os/as asistentes a cursos de verán terán dereito a un diploma no que constarán o título do curso, o número de horas e a asistencia.

Os/as estudantes da USC recibirán, ademais créditos de libre configuración.

É requisito para obter a cualificación de "apto" e así recibir tanto o diploma como os créditos, a asistencia regular, cando menos, ao 80% das horas lectivas, e é responsabilidade de cada director de curso o control da dita asistencia que quedará reflectida nunha acta. Os/as asistentes que obteñan a cualificación de "apto" deberán recoller o diploma e, se é o caso, o certificado de crédito na Vicerreitoría de Cultura ou na Oficina de Cultura do Campus de Lugo (para os cursos celebrados en Lugo e provincia) a partir de mediados do mes de setembro.

A USC reconece créditos para os cursos da Universidade de Verán 2010 coa seguinte equivalencia:

Para as diplomaturas, mestres, enxeñarías, enxeñarías técnicas e licenciaturas (créditos de libre elección):

2 créditos por cada curso de 30 ou máis horas

1 crédito por cada curso de menos de 30 horas

Para as titulacións de Grao adaptadas ao EEES (créditos optativos, cun máximo de 6 créditos recoñecibles por actividades de representación estudantil, actividades deportivas, actividades culturais e actividades solidarias e de cooperación):

2 créditos por cada curso de 25 ou máis horas

1 crédito por cada curso de menos de 25 horas

PRAZO DE MATRÍCULA

Ábrese o prazo:

En liña por internet, a partir de 25 de maio

Presencial, a partir de 15 de xuño

Acaba o prazo:

O día de comezo de cada curso

IMPORTE DA MATRÍCULA

-Taxa xeral

cursos de 30 ou máis horas lectivas: 120 €*

seminarios e xornadas de menos de 30 horas: 70 €*

-Taxa reducida, aplicable a estudantes de calquera universidade ou en estudos de formación profesional, persoas desempregadas e PDI e PAS da USC

cursos de 30 ou máis horas lectivas: 70 €*

seminarios e xornadas de menos de 30 horas: 40 €*

INFORMAICIÓN: A información sobre os cursos que se ofertan están na páxina: www.usc.es/oiu

-Reitoría da USC

Colexio de San Xerome

Praza do Obradoiro, s/n

15782 Santiago de Compostela

Teléfono: +34 981 56 31 00

- Vicerreitoría de Coordinación

do Campus de Lugo

Praza Pío XII, 3

27001 Lugo

Teléfono: +34 982 28 59 00

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/ensino/cursosmastersposgraos>

Escolas de Tempo Libre

Mellora das empresas de actividades de lecer e tempo libre

26/05/2010

A Consellería de Cultura e Turismo convoca subvencións destinadas a incentivar a implantación e mellora das empresas de turismo activo, aventura, actividades de lecer e tempo libre.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 28 de xuño de 2010.
Máis información no DOG do 26 de maio de 2010 e en <http://culturaeturismo.xunta.es>

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/escolasdetempolibre>

A contratación indefinida de mozos e mozas e a creación de empresas contarán con novas axudas da administración galega

25/05/2010

A mesa de coordinación do diálogo social aprobou un total de oito preacordos, centrados nas políticas activas de emprego, na mellora de competitividade empresarial, no sector téxtil e no benestar e a cohesión social. A contratación indefinida de mozos e mozas contará con axudas de entre 1.800 e 6.000 euros, así como tamén se porán en marcha incentivos económicos para empresas. Estes preacordos foron pechados nunha reunión presidida pola conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra.

Estes son os primeiros puntos de encontro derivados das mesas de diálogo social, nas que están presentes a patronal e os sindicatos, que levan traballando desde o mes de xaneiro cunha media de tres encontros por semana.

Antes de detallar os preacordos adoptados, Mato manifestou o recoñecemento do Goberno da Xunta "á responsabilidade" coa que se está a traballar neste diálogo por parte de todos e destacou que os puntos de encontro acadados son "froito dese espírito compartido polos axentes sociais". Apuntou, así mesmo, que os acordos parten dun diagnóstico real da situación e dunha planificación estratéxica.

O primeiro dos acordos ten que ver coa definición e adecuación á situación actual dos colectivos prioritarios nas políticas activas de emprego. Así, establececese como punto de partida a unificación destes colectivos para todas as ordes de axuda á contratación. Priorízanse nas axudas as persoas desempregadas de longa duración, as que esgotasen as prestacións por desemprego, parados de máis de 45 anos, mozas e mozos menores de 30 anos, vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidade e colectivos en risco de exclusión social, segundo explicou a conselleira de Traballo e Benestar.

Esta priorización está contemplada xa na orde para as axudas de fomento da contratación publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) o pasado 7 de maio e que inclúe o fomento da contratación indefinida inicial, a transformación de contratos temporais en indefinidos e incentivos á contratación temporal. As axudas contempladas oscilarán entre os 1.800 e 6.000 euros.

A orde que regula estas axudas está dotada con 113,2 millóns de euros repartidos entre este ano e o 2013, cifra coa que se espera poidan beneficiarse 24.000 galegos, arredor de 6.000 cada ano.

A iniciativa do Goberno galego establece unha maior contía do incentivo para as empresas que coas novas contratacións acaden maiores taxas de estabilidade, aínda que se elimina como requisito de acceso ás axudas acadar unha determinada taxa de estabilidade, a pesar de que a súa consecución é un criterio de maior intensidade da liña de subvencións.

Melloras no Igape

No tocante ao eido específico da industria, Goberno galego, patronal e sindicatos tamén chegaron ao preacordo de por en marcha diversas propostas para mellorar a xestión e a área de financiamento do Igape.

Desta maneira, o conselleiro Javier Guerra explicou que a reordenación dos procesos administrativos é un paso fundamental para dotar ao Igape da axilidade que o tecido produtivo precisa.

Así, apuntou que a Xunta xa está a por en funcionamento períodos de presentación de solicitudes de axuda máis reducidos, en non máis de 45 días, e no caso dos de liquidación, non superiores a un mes. Ademais, dende o Igape se está a traballar para que a liquidación das axudas, dentro da anualidade orzamentaria, se realicen tamén nun período non superior aos 45 días, desde a solicitude de cobro.

Con respecto aos incentivos económicos para proxectos de investimento empresarial, o conselleiro de Economía e Industria destacou que a Xunta porá en marcha, nas súas principais liñas de apoios empresariais, o anticipo parcial do 50 por cento da anualidade das subvencións concedidas; cumprindo, por primeira vez, co obxectivo dobre de facilitar a incentivación económica e, ao mesmo tempo, posibilitar o prefinanciamento parcial dos proxectos aprobados.

Entre as iniciativas que se desenvolverán nesta materia destacan unha nova liña de apoio ao circulante, a ampliación de capital e prefinanciamento de pasivos, a través dun convenio con entidades financeiras e Sociedades de Garantías Recíprocas (SGR); unha nova liña para facilitar o acceso ao financiamento dos investimentos das microempresas e para apoiar novos investimentos en proxectos emprendedores galegos, e, por último, a creación dun servizo de asesoramento integral de apoio aos autónomos, micropemes e pequenas empresas, capaz de poñer en contacto a emprendedores e investidores e facilitar o proceso de reorientación das empresas en crise.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/inicio>

O titular da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, presidiu o acto de adhesión do apoio do Goberno galego á Campaña Mundial: Un gol pola Educación. Na súa intervención, quixo felicitar e agradecer a todos aqueles que fan posible esta iniciativa. "Gracias por facernos reflexionar sobre a existencia do mundo no seu conxunto e por facernos transcender da vida cotiá para saber que hai outras realidades e zonas de extraordinaria necesidade nas que, ademais de poder vivir, o que se pretende é saber ler e escribir".

Feijóo amosouse convencido "de que todos unidos podemos marcar un gol pola formación, pola educación e polo coñecemento. Marcar un gol pola educación é marcar un gol pola liberdade e polo benestar; un gol pola educación significa gañar á inxustiza, gañar á desigualdade e gañar á insolidariedade".

O mandatario galego lembrou que, baixo o obxectivo dunha Educación para todos, o Goberno galego está a levar a cabo varias iniciativas entre as que destacou numerosos proxectos de educación en 10 países de América latina e de África; e comprometeuse, amais, a que "todo o que a Xunta faga en cooperación priorízalo na educación e na saúde". Para o titular do Executivo galego, as cifras son concluíntes e falan por si soas: 72 millóns de nenos e nenas sen escolarizar; máis dun terzo de escolares abandonan o colexio antes de acabar o ciclo de primaria; e 800 millóns de adultos non saben ler ou escribir.

Diante deste panorama, afirmou que "os datos esíxennos máis e actuar xuntos" e animou á toda a sociedade a que subscriba este compromiso "para que calquera rapaz, en calquera parte do planeta, poida acceder a unha educación de calidade; e para que poida ser médico, enxeñeiro, futbolista, profesor ...".

Segundo Feijóo todos podemos contribuír a cambiar esta realidade desde unha postura decidida e comprometida. "En tempos de crise e de escaseza sempre hai un euro que sobra, un café que non é necesario, algún xoguete, algunha chamada ou mensaxe innecesarias; en tempos de escaseza todos temos que priorizar e o investimento en educación é unha prioridade non só política senón persoal e social".

Por último, o titular da Xunta lembrou que a educación é a palanca da liberdade "xa que non existe _subliñou- a posibilidade de elixir sen saber o que un elixe". "Non existe a liberdade plena sen unha formación e educación plena", concluíu.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/inicio>

Subvencións a actividades e proxectos xuvenís no Concello de Ourense

27/05/2010

O Concello de Ourense convoca subvencións para o fomento de actividades e proxectos xuvenís no ano 2010.

O obxecto destas axudas é contribuír a fomenta-la participación xuvenil dos mozos e mozas dentro dos diferentes ámbitos sociais, facilitando o desenvolvemento de actividades por parte de colectivos xuvenís.

Poderán ser beneficiarias/os destas axudas todos aqueles proxectos que se atopen relacionados co ámbito de actuación da Concellería de Xuventude do Concello de Ourense:

- a) Asociacións e entidades sen ánimo de lucro especificamente xuvenís.
- b) Outras entidades e/ou asociacións non especificamente xuvenís que, carecendo de interese lucrativo, desenvolvan programas e actividades dirixidas ó fomento da participación da mocidade e con manifesto protagonismo xuvenil na súa elaboración e desenvolvemento global.
- c) Os mozos e mozas, de idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos, que a título individual, sen ánimo de lucro, realicen un proxecto específico de interese xuvenil.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o 16 de xuño de 2010.

Máis información no BOP de Ourense do 27 de maio de 2010 e na Omix de Ourense, teléfono 988 374 401.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lecericultura>

Subvencións para actividades culturais

25/05/2010

O Concello de Lalín convoca axudas para actividades culturais, educativas e dirixidas á xuventude, conforme ás seguintes bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 29 de abril de 2010.

Poderán ser obxecto de subvención os seguintes

programas: a celebración de festas parroquiais, así como a realización de programas ou actividades

culturais tales como celebracións, homenaxes, exposicións, excursións, encontros, conferencias, estudos, etc.; en xeral, calquera actividade de promoción e divulgación dos valores culturais.

Poderán ser obxecto de subvención actividades

tales como: celebracións, homenaxes, exposicións, excursións, encontros ou conferencias; en xeral,

calquera actividade orientada á xuventude que

teña por finalidade promover a divulgación de valores culturais ou educativos.

Poderán solicitar as subvencións as persoas xurídicas, persoas físicas e agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas,

sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar legalmente constituídas, no caso das asociacións.
2. As persoas físicas deberán estar empadroadas no Concello de Lalín.
3. As asociacións deberán ter o seu domicilio social en Lalín.
4. Carecer de fins de lucro.
5. Desenvolver as súas actividades total ou parcialmente no termo municipal do Concello de Lalín.
6. Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Lalín.
7. As asociacións deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
8. Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Lalín.

As solicitudes e demais documentación presentaranse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro Xeral do Concello, nos servizos de Cultura e Xuventude ou na páxina web do Concello www.lalin.org, no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Máis información: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), núm. 97, do martes 25 de maio de 2010. www.depontevedra.es

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lexislacioninterese/ordesesubvencions>

Subvencións para o fomento de Asociacionismo

25/05/2010

O Concello de Vigo, a través da Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, realiza a presente convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá.

As subvencións as que se refire esta convocatoria están destinadas as seguintes entidades:

1. Proxectos realizados por Asociacións de veciños e Sociedades culturais.
2. Proxectos realizados por outras entidades cidadás sen ánimo de lucro debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades sen ánimo de

lucro que inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, traballen no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadás, e

que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Máis información: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), n.º 96, do luns 24 de maio de 2010.
www.depontevedra.es

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lexislacioninterese/ordesesubvencions>

Subvencións para programas de promoción da muller

25/05/2010

O Concello de Vigo (Pontevedra) fai a convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas ou actividades de promoción da muller no ano 2010.

Poderán solicitar e obter estas axudas :

1. As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas domiciliadas no termo municipal de Vigo, que realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
2. As persoas físicas domiciliadas na cidade que realicen actividades de interese municipal.
3. As entidades e asociación sen finalidade de lucro, públicas ou privadas, que, aínda que non estean domiciliadas no municipio de Vigo, realicen actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio deste.
4. Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 20 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Máis información: boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), núm.96, do 24 de maio de 2010.
www.depontevedra.es

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lexislacioninterese/ordesesubvencions>

Curso de comunicación en inglés

27/05/2010

Aberto prazo de inscrición para o curso "Removing Linguistic Barriers in English within Intercultural Communication - Training Course" que se realizará do 6 ó 12 de novembro en La Casona del Pinar en San Rafael, Segovia.

Destinatarios: persoas con

- Dominio do inglés

- Coñecemento do programa Xuventude en Acción

- Experiencia como formador/a en actividades internacionais de educación non formal

Data límite de presentación de solicitudes: 20 xuño 2010

Máis información nos documentos anexos.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lingua>

Escola Municipal de Verán de Inglés en Santiago

27/05/2010

A Concellería de Educación pon en marcha unha nova edición da Escola Municipal de Verán de Inglés (English Summer School). Dirixida a estudantes empadroados no Concello de Santiago de Compostela que cursaran algún dos cursos seguintes: 1º de primaria a 2º da ESO, ambos inclusive.

A Concellería de Educación pon en marcha unha nova edición da Escola Municipal de Verán de Inglés (English Summer School). Dirixida a estudantes empadroados no Concello de Santiago de Compostela que cursaran algún dos cursos seguintes: 1º de primaria a 2º da ESO, ambos inclusive.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela, rúa Presidente Salvador Allende, 4-baixo ou nos seus Rexistros Auxiliares situados nos Centros Socioculturais do Ensanche e As Fontiñas, así como nos lugares sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

PRAZO

O prazo de inscrición: dende o 24 de maio ata o 5 de xuño

INFORMACIÓN

www.concellodesantiago.org

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/lingua>

Vivenda

Programa Aluga

28/05/2010

O Consello da Xunta de Galicia aprobou onte, día 27 de maio, o decreto polo que se rexe o novo Programa Aluga, que substitúe o anterior programa de vivenda en aluguer. O decreto publicarase no DOG nos vindeiros días e entrará en vigor dous meses despois. Entre os colectivos prioritarios, dentro dos distintos tramos de ingresos, atopanse os mozos e mozas menores de 35 anos.

Máis información: <http://www.xuventude.net/web/xuventude/vivenda/aluguer>